



SOCIEDAD DE MONTAÑA

ARTABROS

DESDE 1974

COÑECE E CAMIÑA

GR 53.2 PANORÁMICO DE VIGO -VARIANTE SAIÁNS—VIGO (Pontevedra)

15 DE MARZO DE 2026

PRESENTACIÓN

En marzo, imos a unha das poucas zonas nunca pisada polo Coñece e Camiña, que curiosamente é un tramo, dun dos GR máis importantes de Galicia.

A explicación é a considerable distancia desde A Coruña, e a idea equivocada de que é unha zona próxima a Vigo, moi poboada, con pouco interese e moito asfalto.

Os organizadores deste roteiro, estamos convencidos que é unha zona diferente, que merece a pena coñecerla, por ter lugares de gran beleza e interese cultural e paisaxístico.

EL GR53 - SENDERO PANORÁMICO DE VIGO

É o carreiro homologado máis importante do concello de Vigo. Cunha lonxitude de 40 km, discorre polas montañas que o rodean (de aí o de panorámico), desde Saiáns, ao sur, limitando con Nigrán, ata A Madroa, ao norte, limitando con Redondela.

Nós imos camiñar polo variante sur, que pasa pola Igrexa de Saiáns, parque forestal de Saiáns, parque forestal de Oia, parque forestal de Coruxo, dolmen A Chan Grande, petróglifo A Chan de Arriba, petróglifo de As Chans do Rapadouro, castro e muíños de Chandebrito, alto de Canabal e A Pasaxe (Vincios).

O ROTEIRO

Comezaremos sobre as 10,15 aprox. desde Saiáns, para entrar o seu extenso parque forestal seguindo o GR, que se cruza con carreiros locais como o da Fraga de Cal de Outeiro.

Por cómodas pistas, iremos tomando altura, que nos permitirán gozar dunhas magníficas vistas das Illas Cíes, da Praia de Samil e de Vigo. A media mañá chegaremos a Chandebrito, onde pararemos para coñecer varios lugares de gran interese.

Un monumento ao famoso grupo musical Milladoiro, formado por 40 cubos de granito de 60x60, coroados cunha gran zanfona de aceiro.

O Resurdimento, unha orixinal escultura en forma de pulmóns, feito con madeira queimada dos graves incendios que arrasaron a comarca no 2017, dos que brota unha árbore.

O Bosque da Memoria, unha área recreativa construída ao pé dun antigo castro. Ten unha pérgola octogonal, cun círculo de bancos. É tamén en memoria dos graves incendios padecidos. Despois destas paradas continuaremos bordeando o Alto do Canaval, para chegar ao cumio do Alto do Cepudo (520 m), desde o que teremos unha gran panorámica de Vigo. Aquí hai un res-

taurante, que pode estar aberto. Se non o está, poderemos meternos nunha zona cuberta libre con máquinas de bebidas e café. Nalgunha pódese pagar con tarxeta, pero mellor non esquecer as moedas.

Moi preto está o Cerro de San Bartolomé e a Ermida da Nosa Señora da Alba (503 m), que coñeceremos despois de comer.

Antes de terminar o roteiro, pasaremos polo Monte dos Pozos, cunha pequena lagoa artificial e moi boas vistas. Terminaremos aquí, si pode chegar o bus, ou no núcleo de San Xoán, se non é posible.

Distancia: 14,2 km. Desnivel positivo: 743 m Negativo 560 m. Tempo: 6 horas coas paradas.

Guía: David Jove

A SAÍDA

MIDE

GR 532

horario	4h 15'		1	severidad del medio natural
desnivel de subida	743 m		2	orientacion en el itinerario
desnivel de bajada	560 m		2	dificultad en el desplazamiento
distancia horizontal	14,2 Km		3	cantidad de esfuerzo necesario
tipo de recorrido	Travesía			

Condiciones de todo el año, tiempos estimados según criterio MIDE, sin paradas.

Calculado sobre datos de 2026.

As 8 horas, da parada de bus de Deportienda no Pavillón de Riazor, coas paradas de Juan Flórez, Alfonso Molina e Carrefour.

AS SEGUINTES RUTAS SON:

Mércores 25 de Marzo. Veteranos Activos. Roteiro Xacobeo do Inverno. Pobra de Brollón-Monforte (Lugo).

Do 30 de Marzo ao 5 de abril. Viaxe de Semana Santa. Sierra da Tramontana (Mallorca).

Domingo 19 de abril. Coñece e Camiña. Roteiro Granítica de Moura-Nogueira de Ramuín (Ourense). Mércores 22 de abril. Bosque de Colón—Poio (Pontevedra)

Do 30 de abril ao 3 de maio. Sendeirismo non Parque Natural de Redes (Asturias)

Mércores 6 de maio. Roteiro circular por Betanzos. Domingo 17 de maio. Coñece e Camiña. #Baralla (Lugo)

Mércores 27 de maio. Veteranos Activos. Río Barbanti-llo (Ourense).

